



CONCELLO DE
OLEIROS

> SECRETARÍA XERAL
Contratación e Patrimonio

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

Data e hora de celebración

Martes, 13 de abril de 2021, ás 10:30 horas.

Lugar de celebración

Sala de Xuntas do Concello de Oleiros.

Asistentes

- **Presidente:** D^a M^a José Varela Neira, 1^a Tenente de Alcalde do Concello de Oleiros.
- **Vocais:**
 - D^a Sandra Fernández Fernández, Concelleira Delegada de Economía, Facenda e Contratación
 - D^a. Silvia Legaspi Grueiro, TAE de Contratación e Patrimonio
 - D^a M^a Pilar Cela Álvarez, Secretaria Accidental do Concello
 - D. Vicente José Calvo del Castillo, Interventor da Corporación
- **Secretario da Mesa:** D. Iago Alexandre López Álvarez
- **Asistentes ao acto público de apertura de criterios sometidos a avaliación automática no contrato 2021/CONTRAT/000010: "ASISTENCIA TÉCNICA Á DIRECCIÓN FACULTATIVA PARA O CONTROL DE CALIDADE DAS OBRAS PÚBLICAS DO CONCELLO DE OLEIROS 2021"**
 - Dona Yolanda Lago Carrera, en representación da UTE Oleiros Calidade (U-01.874.825)

Habendo quórum, procédese a tratar os seguintes asuntos que figuran na orde do día:

Orde do día

1.- 2021/CONTRAT/000023: "AMPLIACIÓN E MELLORA DO PARQUE INFANTIL DA PRAZA DA LIBERDADE (NÓS)"

Acto non público de:

- Apertura dos sobres nº 1 (documentación administrativa e criterios subxectivos).

2.- 2021/CONTRAT/000022: "SERVIZO PARA A RETIRADA E XESTIÓN DE RESIDUOS DAS OBRAS DE SERVIZOS MUNICIPAIS"

Acto de apertura dos sobres ÚNICOS (documentación administrativa e proposición):





CONCELLO DE
OLEIROS

> SECRETARÍA XERAL
Contratación e Patrimonio

(A apertura da documentación administrativa levarase a cabo en acto privado e a apertura da oferta económica será en acto público)

- Apertura da documentación administrativa (acto non público).
- Apertura e valoración, se procede, das ofertas económicas (acto público).
- Proposta de adxudicación, se procede.

3.- 2021/CONTRAT/000025: "SUBMINISTRACIÓN DE VESTIARIO PARA A UNIDADE DE SALVAMENTO"

Acto non público de:

- Apertura dos sobres nº 1 (documentación administrativa).
- Apertura dos sobres nº 2 (criterios subxectivos).

4.- 2021/CONTRAT/000009: "COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS DO CONCELLO DE OLEIROS 2021"

Acto público de:

- Valoración dos sobres 1 (criterios subxectivos suxeitos a avaliación previa).
- Apertura, se procede, dos sobres 2 (criterios obxectivos).
- Valoración, se procede, dos sobres 2.
- Proposta de adxudicación, se procede.

5.- 2021/CONTRAT/000010: "ASISTENCIA TÉCNICA Á DIRECCIÓN FACULTATIVA PARA O CONTROL DE CALIDADE DAS OBRAS PÚBLICAS DO CONCELLO DE OLEIROS 2021"

Acto público de:

- Valoración dos sobres 1 (criterios subxectivos suxeitos a avaliación previa).
- Apertura, se procede, dos sobres 2 (criterios obxectivos).
- Valoración, se procede, dos sobres 2.
- Proposta de adxudicación, se procede.





1.- 2021/CONTRAT/000023: "AMPLIACIÓN E MELLORA DO PARQUE INFANTIL DA PRAZA DA LIBERDADE (NÓS)"

Mediante Decreto da Alcaldía nº 2021001189, de 18 de marzo, aprobouse o procedemento aberto simplificado para a contratación da obra denominada "AMPLIACIÓN E MELLORA DO PARQUE INFANTIL DA PRAZA DA LIBERDADE (NÓS)".

O importe de licitación é de 124.056,44 €, ao que se lle suma un 21% de IVE (26.051,85 €), o que supón un importe de 150.108,29 € IVE engadido. O prazo de execución do referido contrato é de 2 meses, sen posibilidade de prórroga salvo causas imprevistas. O valor estimado ascende a 154.462,08 €.

Para os efectos de presentación de ofertas publicouse anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 18 de marzo de 2021. Rematado o día 7 de abril de 2021 o prazo de presentación de ofertas, resulta que se presentaron as seguintes:

Nome da empresa	Nº Identificación	Data e hora de presentación de oferta
GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS, S.L.	B36495604	07-04-2021 11:12
JARDINERIA ARCE, S.L.	B15547979	07-04-2021 18:05

De seguido, procédese, en acto non público, á apertura do arquivo ou sobre electrónico nº 1 presentado polas licitadoras denominado "Documentación administrativa e criterios subxectivos".

Con respecto á documentación administrativa, a Mesa realiza as seguintes comprobacións:

Contido		Documento no que figura	GALITEC	ARCE
Autorizacións e declaracións	Datos do licitador a efectos de notificación electrónica	Anexo IV	CUMPRE	CUMPRE
	Autorizacións para a consulta de datos	Anexo IV	CUMPRE	CUMPRE
	Pertenza ou non a grupo de empresas	Anexo IV	CUMPRE	CUMPRE
	Compromiso de constitución de UTE	Anexo IV	CUMPRE	CUMPRE
	Datos de subcontratación	Anexo IV	CUMPRE	CUMPRE
Capacidade de obrar		DEUC	CUMPRE	CUMPRE
Cumprimento coas obrigas tributarias		DEUC	CUMPRE	CUMPRE
Cumprimento coas obrigas da Seguridade Social		DEUC	CUMPRE	CUMPRE
Non estar incurso en incompatibilidades		DEUC	CUMPRE	CUMPRE
Non prohibición de contratar		DEUC	CUMPRE	CUMPRE
Declaración de sometemento á lexislación española		DEUC	CUMPRE	CUMPRE
Estar prerrexistrado no ROLECE		DEUC	CUMPRE	CUMPRE
Non ter sido adxudicatario dos contratos anteriores de dirección e/ou supervisión da obra		DEUC	CUMPRE	CUMPRE
Solvencia técnica		DEUC	CUMPRE	CUMPRE
Solvencia económica		DEUC	CUMPRE	CUMPRE





CONCELLO DE
OLEIROS

> **SECRETARÍA XERAL**
Contratación e Patrimonio

A continuación, a Mesa procede á apertura da documentación cuxa avaliación depende dos xuízos de valor relacionados no Anexo X do PCAP.

Así, resulta que as empresas licitadoras presentan a documentación que consideran oportuna para que lle sexa valorada de conformidade cos criterios de adjudicación reflectidos no Anexo X do PCAP; isto é, o programa de traballo.

E a Mesa de Contratación por unanimidade dos asistentes, acorda:

PRIMEIRO.- Admitir a tódalas de empresas presentadas a esta licitación.

SEGUNDO.- Remitir os arquivos ou sobres electrónicos nº 1 a informe dos servizos técnicos para que sexan avaliados de conformidade cos criterios reflectidos no Anexo X do PCAP.





2.- 2021/CONTRAT/000022: "SERVIZO PARA A RETIRADA E XESTIÓN DE RESIDUOS DAS OBRAS DE SERVIZOS MUNICIPAIS"

Mediante Resolución da Primeira Tenente da Alcaldía nº 2021001261, de 23 de marzo, aprobouse o procedemento aberto simplificado sumario para a contratación do servizo denominado "RETIRADA E XESTIÓN DE RESIDUOS DAS OBRAS DE SERVIZOS MUNICIPAIS 2021-2023".

O importe de licitación é de 29.566,00 €, ao que se lle suma un 21% de IVE (6.208,86 €), o que supón un importe de 35.774,86 € IVE engadido. O prazo de execución do referido contrato é de DOUS (2) anos, prorrogable mediante unha prórroga de UN (1) ano, tal e como se establece nos pregos de cláusulas técnicas do contrato. O valor estimado ascende a 50.262,00 €.

Para os efectos de presentación de ofertas publicouse anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 24 de marzo de 2021. Rematado o día 9 de abril de 2021 o prazo de presentación de ofertas, resulta que se presentaron as seguintes:

Nome da empresa	Nº Identificación	Data e hora de presentación de oferta
GESTAN CONTENEDORES DE LA CORUÑA, S.L.	B70598719	08-04-2021 15:40

De seguido, procédese, en acto non público, á apertura do arquivo ou sobre electrónico ÚNICO presentado polas licitadoras denominado "Documentación administrativa e proposición".

Con respecto á documentación administrativa, a Mesa realiza as seguintes comprobacións:

Contido	Documento no que figura	GESTAN	
Autorizacións e declaracións	Datos do licitador a efectos de notificación electrónica	Anexo IV	CUMPRE
	Autorizacións para a consulta de datos	Anexo IV	CUMPRE
	Pertenza ou non a grupo de empresas	Anexo IV	CUMPRE
	Compromiso de constitución de UTE	Anexo IV	CUMPRE
	Datos de subcontratación	Anexo IV	CUMPRE
Capacidade de obrar	DEUC	CUMPRE	
Cumprimento coas obrigas tributarias	DEUC	CUMPRE	
Cumprimento coas obrigas da Seguridade Social	DEUC	CUMPRE	
Non estar incurso en incompatibilidades	DEUC	CUMPRE	
Non prohibición de contratar	DEUC	CUMPRE	
Declaración de sometemento á lexislación española	DEUC	CUMPRE	
Estar prerrexistrado no ROLECE	DEUC	CUMPRE	
Non ter sido adxudicatario dos contratos anteriores de dirección e/ou supervisión da obra	DEUC	CUMPRE	
Solvencia técnica	DEUC	CUMPRE	
Solvencia económica	DEUC	CUMPRE	

E a Mesa de Contratación por unanimidade dos asistentes, acorda:





CONCELLO DE
OLEIROS

> **SECRETARÍA XERAL**
Contratación e Patrimonio

PRIMEIRO.- Admitir a única empresa presentada a esta licitación.

Así, de seguido, a Mesa procede, en acto público ao que non se presenta ningún asistente, á apertura da oferta económica e as referencias avaliadas automaticamente da empresa admitida a esta licitación. A documentación presentada pola licitadora admitida é remitida aos servizos económicos para a súa correspondente avaliación, resultando que estes comprobamos que, consonte ao establecido nos pregos, a empresa non se atoparía en situación de oferta anormalmente baixa. Así, os servizos económicos da Mesa de Contratación proceden a valorar e puntuar a oferta presentada pola licitadora. O resumo das puntuacións achégase no seguinte cadro:

CRITERIO		GESTAN
OFERTA ECONÓMICA	IMPORTE (sen IVE)	29.112,00 € (32.023,20 € con IVE)
	PUNTUACIÓN	1,65/ 23,00
REDUCCIÓN PRAZO DE ENTREGA PEDIDOS ANTERIORES A 11:00H	OFERTA	SI
	PUNTOS	1,00/ 1,00
REDUCCIÓN PRAZO DE ENTREGA PEDIDOS ANTERIORES A 14:00H	OFERTA	SI
	PUNTOS	1,00/ 1,00
PUNTUACIÓN TOTAL		3,65 / 25,00

Dada a valoración exposta, establécese a seguinte listaxe ordenada por puntuación:

POSIC.	EMPRESA	NIF	PUNTUACIÓN
1	GESTAN CONTENEDORES DE LA CORUÑA, S.L.	B70598719	3,65 / 25,00

Xa que logo, a Mesa de Contratación, vista a puntuación obtida polas empresas, por unanimidade dos asistentes, adopta o seguinte **acordo**:

SEGUNDO.- Propoñerlle ao órgano de contratación a adxudicación do contrato de servizo denominado "RETIRADA E XESTIÓN DE RESIDUOS DAS OBRAS DE SERVIZOS MUNICIPAIS 2021-2023" á empresa GESTAN CONTENEDORES DE LA CORUÑA, S.L. (B70598719) polo importe de 29.112,00 € (sen IVE); de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares regulador desta licitación, co prego de prescricións técnicas e coa oferta presentada.





3.- 2021/CONTRAT/000025: "SUBMINISTRACIÓN DE VESTIARIO PARA A UNIDADE DE SALVAMENTO"

Mediante Resolución da Primeira Tenente da Alcaldía nº 2021001340, de 26 de marzo, aprobouse o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do subministro denominado "SUBMINISTRACIÓN DE VESTIARIO PARA A UNIDADE DE SALVAMENTO (negociado sen publicidade - tramitación urgente)".

O importe de licitación é de 3.504,00 €, ao que se suma un 21% IVE 735,84 €, o que supón un importe de 4.239,84 € IVE engadido. O prazo de execución do referido contrato é de UN (1) ano, sen posibilidade de prórroga, tal e como se establece nos pregos de cláusulas técnicas do contrato. O valor estimado ascende a 3.504,00 €.

Para os efectos de presentación de ofertas enviouse invitación a través Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 29 de marzo de 2021, ás seguintes empresas:

Nome da empresa	Nº Identificación
AXATON, S.L.	B91586529
CAMISSETAS ECONÓMICAS, S.L.U.	B54585153
DANNERBOOTS, S.L.U.	B94129756

Rematado o día 12 de abril de 2021 o prazo de presentación de ofertas, resulta que se presentaron as seguintes:

Nome da empresa	Nº Identificación	Data e hora de presentación de oferta
CAMISSETAS ECONÓMICAS, S.L.U.	B54585153	30-03-2021 17:45

De seguido, procédese, en acto non público, á apertura do arquivo ou sobre electrónico nº 1 presentado pola licitadora denominado "Documentación administrativa". Con respecto á documentación administrativa, a Mesa realiza as seguintes comprobacións:

Contido	Documento no que figura	CAMISSETAS ECONÓMICAS
Autorizacións e declaracións	Datos do licitador a efectos de notificación electrónica	CUMPRE
	Autorizacións para a consulta de datos	CUMPRE
	Pertenza ou non a grupo de empresas	CUMPRE
	Compromiso de constitución de UTE	CUMPRE
	Datos de subcontratación	CUMPRE
Capacidade de obrar	DEUC	CUMPRE
Cumprimento coas obrigas tributarias	DEUC	CUMPRE
Cumprimento coas obrigas da Seguridade Social	DEUC	CUMPRE





CONCELLO DE
OLEIROS

> **SECRETARÍA XERAL**
Contratación e Patrimonio

Non estar incurso en incompatibilidades	DEUC	CUMPRE
Non prohibición de contratar	DEUC	CUMPRE
Declaración de sometemento á lexislación española	DEUC	CUMPRE
Estar prerrexistrado no ROLECE	DEUC	CUMPRE
Non ter sido adxudicatario dos contratos anteriores de dirección e/ou supervisión da obra	DEUC	CUMPRE
Solvencia técnica	DEUC	CUMPRE
Solvencia económica	DEUC	CUMPRE

E a Mesa de Contratación, por unanimidade dos asistentes, **ACORDA**:

PRIMEIRO.- Admitir a única empresa presentada a esta licitación.

A continuación, a Mesa procede á apertura da documentación contida no arquivo ou sobre electrónico nº 2 cuxa avaliación depende dos xuízos de valor relacionados no Anexo XII do PCAP, e que consiste na avaliación das mostras presentadas dos produtos a subministrar. Así, resulta que a empresa licitadora presenta a documentación e mostras que considera oportunas para que lle sexan valoradas de conformidade cos criterios de adxudicación reflectidos no Anexo XII do PCAP, e que consiste nun control da calidade mediante o exame de mostras presentadas polos licitadores.

E a Mesa de Contratación por unanimidade dos asistentes, acorda:

SEGUNDO.- Remitir as mostras xunto coa documentación presentada a informe dos servizos técnicos para que sexan avaliados de conformidade cos criterios reflectidos no Anexo XII do PCAP, xunto coas mostras adxuntas aos mesmos.





CONCELLO DE
OLEIROS

> SECRETARÍA XERAL
Contratación e Patrimonio

4.- 2021/CONTRAT/000009: "COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS DO CONCELLO DE OLEIROS 2021"

Mediante Resolución da Primeira Tenencia da Alcaldía nº 2021000988, de 4 de marzo, aprobouse o procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo denominado "COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS DO CONCELLO DE OLEIROS 2021".

O importe de licitación é de 33.576,71 €, ao que se lle suma un 21% de IVE (7.051,11 €), o que supón un importe de 40.627,82 € IVE engadido.

Para os efectos de presentación de ofertas publicouse anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 5 de marzo de 2021.

Rematado o día 22 de marzo de 2021 o prazo de presentación de ofertas, resulta que se presentaron as seguintes:

Nome da empresa	Nº Identificación	Data e hora de presentación de oferta
APPLUS NORCONTROL, S.L.U.	B15044357	17-03-2021 13:06
INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L.	B81470841	17-03-2021 15:47
INCOPE CONSULTORES, S.L.	B83665513	18-03-2021 11:41
TEPRIL, S.L.	B15719776	21-03-2021 21:39
BUREAU VERITAS INSPECCIÓN Y TESTING, S.L.	B08658601	22-03-2021 11:42
ATENEA, S.A.U.	A82876905	22-03-2021 11:47
INVESTIGACIÓN Y CONTROL DE CALIDAD, S.A.U. (INCOSA)	A24036691	22-03-2021 16:00
PREVISONOR, S.L.	B36336535	22-03-2021 17:43
INGENIERÍA, MEDIO AMBIENTE Y PREVENCIÓN DEL NOROESTE, S.L.U. (IPRENOR)	B15856339	22-03-2021 18:36
TÉCNICA Y PROYECTOS, S.A.	A28171288	22-03-2021 19:24
BERGANTIÑOS SOLUCIÓNS LABORAIS, S.L.	B70147244	22-03-2021 20:35

A Mesa de Contratación reunida o 25 de marzo de 2021 procedeu, en acto non público, á apertura do arquivo ou sobre electrónico nº 1 presentado polas licitadoras denominado "Documentación administrativa e proposta suxeita a avaliación previa".

Con respecto á documentación administrativa, a Mesa acordou admitir provisionalmente á licitación á empresa "Bergantiños Solucións Laborais, S.L." (B70147244), concedéndolle un prazo de 3 días hábiles para que emende a documentación administrativa presentada mediante a achega do DEUC.





CONCELLO DE
OLEIROS

> **SECRETARÍA XERAL**
Contratación e Patrimonio

A documentación do resto das empresas considerouna correcta; polo que acordou admitilas a esta licitación.

A continuación, e a expensas de que “Bergantiños Solucións Laborais, S.L.” emendase os defectos atopados na súa documentación, a Mesa procedeu á apertura da documentación cuxa avaliación depende dos xuízos de valor relacionados no Anexo XII do PCAP e acordou remitir os arquivos ou sobres electrónicos nº 1 a informe dos servizos técnicos para que fosen avaliados de conformidade cos criterios reflectidos no citado Anexo XII do PCAP.

Procedería que a Mesa de Contratación, transcorrido o prazo concedido á empresa “Bergantiños Solucións Laborais, S.L.”, comprobara se esta empresa emendou os defectos detectados na súa documentación.

“Bergantiños Solucións Laborais, S.L.”, con CIF B70147244, dentro do prazo concedido, presenta a documentación que considera oportuna (DEUC) para emendar os defectos atopados na presentada inicialmente.

En sesión celebrada o día 31 de marzo de 2021, a Mesa considerou correcta a documentación presentada, polo que a Mesa de Contratación acordou admitir definitivamente á presente licitación á empresa “Bergantiños Solucións Laborais, S.L.”, con CIF B70147244, ao considerar emendados os defectos atopados na documentación presentada inicialmente.

O día 12 de abril de 2021, o arquitecto técnico municipal, don José Luis Jarez Vázquez, emite informe técnico de valoración das ofertas suxeitas a xuízo de valor. Procedería que, neste acto, a Mesa tome coñecemento do devandito informe e procedese, se é o caso, á apertura da documentación contida nos sobres nº 2 denominados “Oferta económica e proposta suxeita a avaliación posterior”.

A continuación, a Mesa procede, en acto público ao que se non se presenta ningún asistente, a tomar coñecemento do informe técnico emitido ao respecto dos sobres nº 1 e á posterior apertura, se é o caso, da documentación contida nos sobres nº 2.

Do informe emitido, que se publicará na PLACE xunto coa Acta desta Mesa, extráense as seguintes puntuacións das empresas admitidas para os criterios subxectivos a valorar consonte ao PCAP:

NOME DA EMPRESA	MEMORIA	PROGRAMA DE TRABALLOS	TOTAL PUNTUACIÓN SOBRE 1
APPLUS NORCONTROL, S.L.U.	29,00 / 35,00	6,00 / 10,00	35,00 / 45,00
INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L.	29,00 / 35,00	8,00 / 10,00	37,00 / 45,00
INCOPE CONSULTORES, S.L.	31,00 / 35,00	8,00 / 10,00	39,00 / 45,00
TEPRIL, S.L.	28,00 / 35,00	7,00 / 10,00	35,00 / 45,00
BUREAU VERITAS INSPECCIÓN Y TESTING, S.L.	30,00 / 35,00	7,00 / 10,00	37,00 / 45,00





CONCELLO DE
OLEIROS

> **SECRETARÍA XERAL**
Contratación e Patrimonio

ATENEA, S.A.U.	32,00 / 35,00	9,00 / 10,00	41,00 / 45,00
INVESTIGACIÓN Y CONTROL DE CALIDAD, S.A.U. (INCOSA)	28,00 / 35,00	7,00 / 10,00	35,00 / 45,00
PREVISONOR, S.L.	27,00 / 35,00	6,00 / 10,00	33,00 / 45,00
INGENIERÍA, MEDIO AMBIENTE Y PREVENCIÓN DEL NOROESTE, S.L.U. (IPRENOR)	27,00 / 35,00	7,00 / 10,00	34,00 / 45,00
TÉCNICA Y PROYECTOS, S.A.	26,00 / 35,00	7,00 / 10,00	33,00 / 45,00
BERGANTIÑOS SOLUCIÓNS LABORAIS, S.L.	30,00 / 35,00	4,00 / 10,00	34,00 / 45,00

Unha vez remitidas aos servizos económicos da Mesa as ofertas presentadas para que procedan á súa valoración, estes comprobamos que, consonte ao establecido nos pregos, as empresas non se atopan en situación de oferta anormalmente baixa. Así, os servizos económicos da Mesa de Contratación proceden a valorar e puntuar as ofertas presentadas polas licitadoras. O resumo das puntuacións achégase no seguinte cadro:

EMPRESA	OFERTA ECONÓMICA		MELLORAS			TOTAL Puntuación SOBRE 2
	Importe	Puntos	Nº EBSS	Nº ESS	Puntos	
APPLUS NORCONTROL, S.L.U.	28.943,12 € (35.021,18 € con IVE)	25,64 / 35,00	TODOS	TODOS	20,00 / 20,00	45,64 / 55,00
INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L.	24.550,19 € (29.705,85 € con IVE)	30,22 / 35,00	TODOS	TODOS	20,00 / 20,00	50,22 / 55,00
INCOPE CONSULTORES, S.L.	22.160,63 € (26.814,36 € con IVE)	33,48 / 35,00	TODOS	TODOS	20,00 / 20,00	53,48 / 55,00
TEPRIL, S.L.	22.462,82 € (27.180,01 € con IVE)	33,03 / 35,00	TODOS	TODOS	20,00 / 20,00	53,03 / 55,00
BUREAU VERITAS INSPECCIÓN Y TESTING, S.L.	28.276,80 € (34.214,69 € con IVE)	26,24 / 35,00	TODOS	TODOS	20,00 / 20,00	46,24 / 55,00
ATENEA, S.A.U.	21.210,00 € (25.664,10 € con IVE)	34,98 / 35,00	TODOS	TODOS	20,00 / 20,00	54,98 / 55,00
INVESTIGACIÓN Y CONTROL DE CALIDAD, S.A.U. (INCOSA)	21.200,00 € (25.652,00 € con IVE)	35,00 / 35,00	TODOS	TODOS	20,00 / 20,00	55,00 / 55,00
PREVISONOR, S.L.	32.737,30 € (39.612,13 € con IVE)	22,67 / 35,00	2	2	5,00 / 20,00	27,67 / 55,00
INGENIERÍA, MEDIO AMBIENTE Y PREVENCIÓN DEL NOROESTE, S.L.U. (IPRENOR)	21.284,28 € (25.753,99 € con IVE)	34,86 / 35,00	TODOS	TODOS	20,00 / 20,00	54,86 / 55,00





CONCELLO DE
OLEIROS

> SECRETARÍA XERAL
Contratación e Patrimonio

TÉCNICA Y PROYECTOS, S.A.	28.708,09 € (34.736,79 € con IVE)	25,85 / 35,00	TODOS	TODOS	20,00 / 20,00	45,85 / 55,00
BERGANTIÑOS SOLUCIÓNS LABORAIS, S.L.	28.870,00 € (34.932,70 € con IVE)	25,70 / 35,00	TODOS	TODOS	20,00 / 20,00	45,70 / 55,00

Dada a valoración exposta, establécense as seguintes listaxes ordenadas por puntuación:

	EMPRESA	PUNTUACIÓN	TOTAL OBJECTIVOS	TOTAL SUBJECTIVOS	TOTAL
1	ATENEA, S.A.U.	A82876905	54,98	41	95,98
2	INCOPE CONSULTORES, S.L.	B83665513	53,48	39	92,48
3	INVESTIGACIÓN Y CONTROL DE CALIDAD, S.A.U. (INCOSA)	A24036691	55,00	35	90,00
4	INGENIERÍA, MEDIO AMBIENTE Y PREVENCIÓN DEL NOROESTE, S.L.U. (IPRENOR)	B15856339	54,86	34	88,86
5	TEPRIL, S.L.	B15719776	53,03	35	88,03
6	INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L.	B81470841	50,22	37	87,22
7	BUREAU VERITAS INSPECCIÓN Y TESTING, S.L.	B08658601	46,24	37	83,24
8	APPLUS NORCONTROL, S.L.U.	B15044357	45,64	35	80,64
9	BERGANTIÑOS SOLUCIÓNS LABORAIS, S.L.	B70147244	45,70	34	79,70
10	TÉCNICA Y PROYECTOS, S.A.	A28171288	45,85	33	78,85
11	PREVISONOR, S.L.	B36336535	27,67	33	60,67

E a Mesa de Contratación, vista a puntuación obtida, por unanimidade dos asistentes, adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Propoñerlle, ao órgano de contratación a adxudicación do contrato de servizos denominado "COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS DO CONCELLO DE OLEIROS 2021" á empresa ATENEA, S.A.U. (A82876905) polo importe de 21.210,00 € (25.664,10 € con IVE); de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares regulador desta licitación, co proxecto aprobado e coa oferta presentada.





CONCELLO DE
OLEIROS

> SECRETARÍA XERAL
Contratación e Patrimonio

5.- 2021/CONTRAT/000010: "ASISTENCIA TÉCNICA Á DIRECCIÓN FACULTATIVA PARA O CONTROL DE CALIDADE DAS OBRAS PÚBLICAS DO CONCELLO DE OLEIROS 2021"

Mediante Decreto da Alcaldía nº 2021000936, de 4 de marzo, aprobouse o procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo denominado "ASISTENCIA TÉCNICA Á DIRECCIÓN FACULTATIVA PARA O CONTROL DE CALIDADE DAS OBRAS PÚBLICAS DO CONCELLO DE OLEIROS 2021".

O importe de licitación é de 111.922,97 €, ao que se lle suma un 21% de IVE (23.503,70 €), o que supón un importe de 135.426,07 € IVE engadido.

Para os efectos de presentación de ofertas publicouse anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 5 de marzo de 2021. Rematado o día 22 de marzo de 2021 o prazo de presentación de ofertas, resulta que se presentaron as seguintes:

Nome da empresa	Nº Identificación	Data e hora de presentación de oferta
UTE OLEIROS CALIDADE	U01874825	19-03-2021 12:05
PROYESTEGAL, S.L.	B27159730	22-03-2021 10:07
G.O.C., S.A.	A32022535	22-03-2021 15:55
APPLUS NORCONTROL, S.L.U.	B15044357	22-03-2021 17:09
UTE GALAICONTROL, S.L. - NETO STRUCTURE & HEAVY LIFT DESIGN, S.L.	B36651487 - B70510896	22-03-2021 19:22

A Mesa de Contratación reunida o 25 de marzo de 2021 procedeu, en acto non público, á apertura do arquivo ou sobre electrónico nº 1 presentado polas licitadoras denominado "Documentación administrativa e proposta suxeita a avaliación previa".

Con respecto á documentación administrativa, a Mesa acordou admitir provisionalmente á licitación á empresa G.O.C., S.A. (A32022535), concedéndolle un prazo de 3 días hábiles para que emendase a documentación administrativa presentada mediante a achega do DEUC da empresa subcontratista.

A documentación do resto das empresas considerouna correcta; polo que acordou admitilas a esta licitación.

A continuación, e a expensas de que "G.O.C., S.A." emendase os defectos atopados na súa documentación, a Mesa procedeu á apertura da documentación cuxa avaliación depende dos xuízos de valor relacionados no Anexo XII do PCAP e acordou remitir os arquivos ou sobres electrónicos nº 1 a informe dos servizos técnicos para que fosen avaliados de conformidade cos criterios reflectidos no citado Anexo XII do PCAP.



Procedería que a Mesa de Contratación, transcorrido o prazo concedido á empresa "G.O.C., S.A.", comprobara se esta empresa emendou os defectos detectados na súa documentación.

G.O.C., S.A. (A32022535), dentro do prazo concedido, presenta a documentación que considera oportuna (DEUC da empresa subcontratista) para emendar os defectos atopados na presentada inicialmente.

En sesión celebrada o día 31 de marzo de 2021, a Mesa considerou correcta a documentación presentada, polo que a Mesa de Contratación acordou admitir definitivamente á presente licitación á empresa G.O.C., S.A. (A32022535), ao considerar emendados os defectos atopados na documentación presentada inicialmente.

O día 12 de abril de 2021, o arquitecto técnico municipal, don José Luis Jarez Vázquez, emite informe técnico de valoración das ofertas suxeitas a xuízo de valor. Procedería que, neste acto, a Mesa tome coñecemento do devandito informe e procedese, se é o caso, á apertura da documentación contida nos sobres nº 2 denominados "Oferta económica e proposta suxeita a avaliación posterior".

A continuación, a Mesa procede, en acto público ao que se se presenta dona Yolanda Lago Carrera, en representación da UTE Oleiros Calidade (U-01.874.825), a tomar coñecemento do informe técnico emitido ao respecto dos sobres nº 1 e á posterior apertura, se é o caso, da documentación contida nos sobres nº 2.

Do informe emitido, que se publicará na PLACE xunto coa Acta desta Mesa, extráense as seguintes puntuacións das empresas admitidas para os criterios subxectivos a valorar consonte ao PCAP:

NOME DA EMPRESA	MEMORIA	PROGRAMA DE ENSAIOS	TOTAL PUNTUACIÓN SOBRE 1
UTE OLEIROS CALIDADE	34,75 / 35,00	10,00 / 10,00	44,75 / 45,00
PROYESTEGAL, S.L.	28,50 / 35,00	8,00 / 10,00	36,50 / 45,00
G.O.C., S.A.	29,75 / 35,00	9,00 / 10,00	38,75 / 45,00
APPLUS NORCONTROL, S.L.U.	26,75 / 35,00	9,00 / 10,00	35,75 / 45,00
UTE GALAICONTROL, S.L. - NETO STRUCTURE & HEAVY LIFT DESIGN, S.L.	25,50 / 35,00	8,00 / 10,00	33,50 / 45,00

A continuación, a Mesa procede á comprobación da documentación das empresas admitidas correspondente á oferta económica e demais criterios obxectivos citados no prego de cláusulas administrativas, contido no sobre número 2.

Unha vez remitidas aos servizos económicos da Mesa as ofertas presentadas para que procedan á súa valoración, estes comprobamos que, consonte ao establecido nos pregos, as empresas non se atopan en situación de oferta anormalmente baixa. Así, os servizos económicos da Mesa de Contratación





CONCELLO DE
OLEIROS

> SECRETARÍA XERAL
Contratación e Patrimonio

proceden a valorar e puntuar as ofertas presentadas polas licitadoras. O resumo das puntuacións achégase no seguinte cadro:

CRITERIO		UTE OLEIROS	PROYESTEGAL	G.O.C.	APPLUS	UTE GALAICONTROL
OFERTA ECONÓMICA	Importe (sen IVE)	95.000,00 € (114.950,00 € con IVE)	102.969,00 € (124.592,49 € con IVE)	82.990,44 (100.418,43 € con IVE)	88.138,42 € (106.865,28 € con IVE)	83.700,00 € (101.277,00 € con IVE)
	Puntos	24,64 / 26,00	23,13 / 26,00	26,00 / 26,00	25,50 / 26,00	25,93 / 26,00
ESTABILIDADE NO EMPREGO	Porcentaxe	9/12 = 75 %	7/10 = 70%	44/67 = 66%	1694/2938 = 58%	32/51 = 62,75%
	Puntos	10,00 / 10,00	9,33 / 10,00	8,80 / 10,00	7,73 / 10,00	8,37 / 10,00
PRESENCIA EN OBRA	Días	5 días/semana	5 días/semana	5 días/semana	5 días/semana	5 días/semana
	Puntos	10,00 / 10,00	10,00 / 10,00	10,00 / 10,00	10,00 / 10,00	10,00 / 10,00
PORCENTAXE DESTINADA A REALIZACIÓN DE ENSAIOS	Porcentaxe	50,00 %	50,00 %	50,00 %	50,00 %	50,00 %
	Puntos	9,00 / 9,00	9,00 / 9,00	9,00 / 9,00	9,00 / 9,00	9,00 / 9,00
PUNTUACIÓN TOTAL SOBRE 2		53,64 / 55,00	51,46 / 55,00	53,80 / 55,00	52,23 / 55,00	53,30 / 55,00

Dada a valoración exposta, establécense as seguintes listaxes ordenadas por puntuación:

POSIC.	EMPRESA	NIF	Sobre 1	Sobre 2	TOTAL
1	UTE OLEIROS CALIDADE	U01874825	44,75 / 45,00	53,64 / 55,00	98,39 / 100,00
2	G.O.C., S.A.	A32022535	38,75 / 45,00	53,80 / 55,00	92,55 / 100,00
3	APPLUS NORCONTROL, S.L.U.	B15044357	35,75 / 45,00	52,23 / 55,00	87,98 / 100,00
4	PROYESTEGAL, S.L.	B27159730	36,50 / 45,00	51,46 / 55,00	87,96 / 100,00
5	UTE GALAICONTROL, S.L. - NETO STRUCTURE & HEAVY LIFT DESIGN, S.L.	B36651487 - B70510896	33,50 / 45,00	53,30 / 55,00	86,80 / 100,00

E a Mesa de Contratación, vista a puntuación obtida, por unanimidade dos asistentes, adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Proponerlle, ao órgano de contratación a adjudicación do contrato de servizos denominado "ASISTENCIA TÉCNICA Á DIRECCIÓN FACULTATIVA PARA O CONTROL DE CALIDADE DAS OBRAS PÚBLICAS DO CONCELLO DE OLEIROS 2021" á empresa UTE OLEIROS CALIDADE (U01874825) polo importe de 95.000,00 € (114.950,00 € con IVE); de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares regulador desta licitación, co proxecto aprobado e coa oferta presentada.

Non habendo máis asuntos a tratar, eu, como Secretario, certifico co visto e praxe do Presidente.

En Oleiros, asinado dixitalmente polo Secretario da Mesa de Contratación, don Iago Alexandre López Álvarez, e a presidenta da Mesa de Contratación D^a M^a José Varela Neira, 1^a Tenente de Alcalde do Concello de Oleiros.

